

Reunidos, na cidade de Pontevedra, o 16 de outubro de 2019, ás 19:00 horas, D. Ramón Rozas, D<sup>a</sup> Carme Vidal e D. Ramón Nicolás, membros do xurado da convocatoria do III Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey, coa presenza da coordinadora e secretaria do Premio, D<sup>a</sup> Carmen Carreiro, con voz e sen voto, ACORDARON por unanimidade outorgar o galardón ao artigo titulado “Matar o recadeiro” que foi presentado baixo o lema “Donicela”.

Aberta a plica a autoría correspondeu ao D. Mario Ibán Regueira Fernández, escritor e crítico literario.

O xurado quere salientar a orientación deste texto que pivota arredor dos criterios da denuncia social e da reivindicación, consonte a temática de moitos dos artigos que Lueiro Rey publicou na súa vida. Neste caso, Regueira aborda, con espírito crítico, unha realidade contemporánea laboral como é a das persoas que teñen que empregarse como “recadeiros” –tamén chamados “riders”- baixo condicións absolutamente escravistas e vinculada coa aparición de novas formas de capitalismo.

Ademais, a exposición narrativa diáfana, ben estruturada e efectiva supuxo un elemento que o xurado estimou como un valor a ter en conta.